



Eugénio Outeiro sementa xustiza na memoria antifranquista da Illa de Arousa: "Para unha persoa poder falar, ten que ter lingua na memoria"

O autor arousán vén de publicar *Réquiem*, un poemario no que reflexiona sobre a memoria como un exercicio do presente.

[Claudia Varela Lourido](#)

25 de xullo de 2026

<https://www.galiciaconfidencial.com/noticia/5961955-completo-claudia-eugenio-outeiro-sementa-xustiza-na-memoria-da-illa-arousa-unha-persoa-poder-falar-ten-ter-lingua-na-memoria>

Nomear para non esquecer. 11 nomes percorren os versos de *Réquiem* ([Xerais](#)), poemario de Eugénio Outeiro (A Illa de Arousa, 1976), no que a memoria é a protagonista dun libro que lembra a represión franquista na Illa de Arousa e que é tamén gañador do premio Johan Carballeira de Poesía. Avelino Fuentes García, Luís Castro Lojo, Narciso Suárez Lojo, José Bua Laredo, Santiago Otero Pouso, Esteban Picón Conde, Francisco Vázquez Vázquez, Juan Sanes Otero, José Besada Nieto, Víctor Trabazo Serapio e Enrique Rial. **11 persoas reais. Eugénio Outeiro focaliza nesa última palabra. Porque para non perdermos a memoria, hai que nomeala.** "Para unha persoa poder falar, ten que ter lingua na memoria. Para poder identificar unha cousa, ten que ter un concepto na memoria. A memoria non é o pasado. Está moi presente", reflexiona Outeiro.

A través dunha serie de poemas estruturados en forma dunha misa, Eugénio Outeiro ensalza a memoria da súa terra natal, a Illa de Arousa, arredor dun episodio da represión franquista: "Sempre quixen escribir algo para a Illa porque son de alí e teño un vínculo especial co lugar. É algo ao que lle tiña moita estima e co que me sinto moi vinculado". **Eugénio fala de responsabilidade familiar á hora de escribir o libro:** "Este libro está baseado noutro libro escrito por Fernando Salgado e Juan Otero, meu pai, chamado *Papel de Estraza*. Meu pai xa me contaba estas historias desde pequeno, polo que cando lin o seu libro foi un golpe moi forte para a miña conciencia". De feito, no *Réquiem* tamén descansa un anaco deste libro no que os autores reflexionan precisamente sobre a conciencia humana en relación coa barbarie da Guerra Civil:

*No longo camiño seguido pola humanidade, un dos fitos máis significativos da súa evolución produciuse cando tomou conciencia da súa existencia, que tivo continuidade na angustia provocada pola morte. Os nosos antepasados cavaron fosas e realizaron ofrendas para desexarlles o mellor dos destinos aos seus seres queridos. Hai medio millón de anos, os homínidos empezaron a transportar e depositar os seus mortos nas profundidades. Foron as primeiras prácticas funerarias. Desde entón a ciencia alumou inventos que parecían inimaxinables, e os escritores e os artistas crearon obras dunha beleza cegadora, ata que en 1936 a humanidade retrocedeu ao momento de partida. (Fernando Salgado e Juan Otero, *Papel de Estraza*)*

DIÁLOGO CO PASADO E CO PRESENTE

En *Réquiem*, pasado e presente fúsiónanse nun diálogo constante entre dúas voces. "A voz do pasado é máis impersoal, son os mortos que falan. E logo a voz do presente fala con cada un deles", explica o autor. Se cadra, non hai nada máis humano que a arte de conversar. A través do diálogo, Outeiro dignifica a historia desas persoas. **"Todo o libro está baseado nunha reflexión moi grande sobre o que significa a memoria, non só a histórica, senón a memoria en xeral"**.

A través desta abordaxe, Outeiro reflexiona sobre a achega da poesía como arma da emocionalidade. Insiste en que el xoga coas sensacións para que a memoria deses seres humanos chegue a un presente no que cada vez é máis necesaria. **"A linguaxe da poesía aporta moito", sobre todo cando se intenta recuperar a dignidade das persoas.** De feito, incide nun dato: "Case todos os mortos que aparecen no *Réquiem* tiñan carné do PSOE. Todos eles xuntábanse nunha taberna, 'O Nicho', onde se fraguou a brincadeira do que foi a República Socialista da Illa". Outeiro explica que toda a circunstancia que atinxe esta historia está moi vinculada á súa familia, polo que para el, pese a non ter coñecido esas persoas, é moi importante falar da súa historia.

"E ONDE ENTERRÁROM MAR NASCERÁM ONDAS"

Neste verso de *Réquiem* sintetízase moi ben o simbolismo co que Outeiro dialoga. A través da representación dunha misa, o autor evoca a lembranza fronte ao esquecemento. "Unha misa pode servir para conservar a memoria e recordar o morto. **Non se esconde o conflito, senón que se fala del**". No acto relixioso, as persoas teñen un espazo para lembrar, escoitar e "pacificar", unha das emocións transcendentais de *Réquiem*.

"Na parte central eu nomeo a cada un dos mortos da Illa, con nome e apelidos". Outeiro insiste na idea de que para que unha historia sexa lembrada, debe estar personificada, porque só "recordamos é que está vivo e o que ten nome". **O autor explica que todos os que sufriron a barbarie eran "persoas reais, non números"**. El, a través da poesía, quixo traer ao presente a súa memoria. A fusión do acto relixioso e do acto poético permite evocar un imaxinario moito máis completo, xa que é nesa dualidade onde reside a "navegación polas emocións". Outeiro explica que todo rito conleva un "roteiro emocional que remata cun sentimento de mellora". Neste caso, trátase de sentirse mellor coñecendo a verdade.

"Paz". Esa é a resposta de Eugénio Outeiro cando pensa na sensación dos lectores. Coma en todo réquiem, é moi importante que a xente sinta paz cando chega ao final do libro. Memoria, verdade, dignidade. Non hai máis. **Para consolidarmos unha memoria democrática forte, xusta e respectuosa, é de obrigado cumprimento empregar ferramentas que involucren a todo o conxunto da sociedade.** A poesía é unha delas. "É como o mar que se move. É transformar o dato en movemento. É pasar do sólido ao líquido", sentencia Outeiro. "E seja o mar a salvação deste naufrágio". Un naufraxio colectivo que hoxe descansa sobre a inmensidade da memoria.

